



HISTORIA DA
INFORMÁTICA
EN GALICIA

UNHA CRONOLOXÍA

das cidades e vilas máis importantes de Galicia.

- O 18 de decembro estréase o Mapa Cultural Galego en realidade aumentada na web Culturagalega.org.
- Estréase en decembro unha versión actualizada do dicionario en liña E-estraviz, baseado na normativa da Asociación Galega da Língua, AGAL.
- Facebook lanza a súa versión en lingua galega.
- A Universidade da Coruña abre o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicacions (CITIC), un centro tecnolóxico singular creado para a investigación, desenvolvemento e innovación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) e promover a transferencia de coñecementos á sociedade. Foi coordinador deste centro o profesor da UDC Víctor Manuel Gulías Fernández (O Carballiño, Ourense, 1970 - A Coruña, 2012)

- O 29 de decembro preséntase na Coruña Imotion Comic, un formato multimedia e interactivo desenvolvido en Galicia por Continental Games e Costa Oeste que permite presen-



2010. Preséntase en febreiro a 'Guía de webs de Galicia'

tar comics nos teléfonos intelixentes iPhone e nos reprodutores de música iPod Touch de Apple. O primeiro foi 'Quotidianía delirante', do debutante coruñés Miguelanxo Prado.

- **2010** O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) participou o 16 de xaneiro en Madrid na creación da Comisión Xestora do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros

Técnicos en Informática de España. O 22 de maio aprobáronse os estatutos da entidade.

- O 18 de xaneiro comezou en 25 concellos das áreas de Santiago e Ourense a primeira fase do apagón das emisións analóxicas de televisión. Desde ese día só quedarán nesa área as da Televisión Dixital Terrestre (TDT). E o 3 de abril rematan en toda Galicia as transmisións televisivas con tec-

noloxía analóxica, substituídas polas da televisión dixital terrestre (TDT).

- En xaneiro inicianse en Galicia os encontros LaconNetwork, organizados polo 'albaneis da nube' na comunidade.
- O 25 de xaneiro publícase no Diario Oficial de Galicia o Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dependentes dela. O 1 de marzo recíbese no Sistema Electrónico de Facturación a primeira factura electrónica, emitida por Unisys España á Presidencia da Xunta de Galicia.
- En febreiro nace o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), que fusiona os dous observatorios públicos OGSi e OCEG. O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, presenta en Lugo nese mes o Plan de Banda Larga 2010-2013, deseñado para mobilizar un investimento de 232 millóns de euros de entidades públicas e privadas. En xuño,

Núñez Feijóo e a secretaria xeral de Modernización, Mar Pereira, lanzan a Axenda Dixital 2014.gal para reducir a fenda dixital e crear ata 12.000 postos de traballo. No mesmo mes, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica anuncia que no segundo semestre de 2011 se porá en marcha na Cidade da Cultura de Galicia un Centro de Proceso de Datos Integral que concentrará as funcións dos máis de 80 centros cos que contaba a Xunta, dándolles servizo a unhas 91.000 persoas en entidades públicas e de servizo público; a súa capacidade inicial de almacenamento de datos ascende a 1,9 petabytes.

- Preséntase en febreiro a 'Guía de webs de Galicia', un directorio que contén 4.800 sitios webs galegos e que recolle a información de www.websgalicia.com.
- A rede social da Universidade da Coruña Rede Amiga 2.0 ponse en marcha en febreiro. En abril, a Universidade de Vigo estrea rede social para a súa comunidade: redesocial.uvigo.es.
- Inicia as súas emisións en febreiro a canle de televisión pola rede www.blusens.tv.

A firma lanza en novembro o seu dispositivo web:tv para levar Internet ata os televisores.

- En marzo emítese desde o telecentro de Chantada para distintos telecentros de Galicia a primeira cata de viños celebrada en España a través de videoconferencia.
- A firma galega Sixtema lanza en marzo a rede social para compartir mapas www.ikimap.com.
- Os resultados dunha enquisa difundidos o 3 de marzo indican que a maioría de docentes en Galicia non usa as TIC de xeito habitual nas súas clases. O dato coñécese nun ano no que 14.000 estudantes de Primaria e Secundaria debían recibir cadanseu ordenador portátil: o 3 de novembro estréase a web do Proxecto Abalar, que comezou en outubro coa distribución nos centros de ensino de 14.500 computadores ultraportátiles para o seu uso en máis de 700 aulas de 300 centros educativos por escolares de 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º de Secundaria. Os equipos incluían o sistema operativo Ubuntu 10.04 en galego por defecto, así como en castelán e en inglés. O programa conta ademais